

DECRETO NÚMERO 15004241 do 25/05/2015

Excmo. Sr. Don JOSE CLEMENTE LOPEZ OROZCO.- Alcalde- Presidente, en funcións, do Excmo. Concello de Lugo.

Vista sentenza do T.S.X de Galicia de seis de maio de dous mil quince no recurso de apelación 47/2015 contra a sentenza 163/2014, dictada no procedemento abreviado 135/2013, en cuxo fallo se desestima o citado recurso e se confirma a sentenza do xulgado do contencioso administrativo nº 2 de Lugo de 8 de agosto de 2014.

Tendo en conta que polo Decreto número 14000117 do 9/01/2014 se resolveu suspender o proceso selectivo convocado polo Decreto da Alcaldía nº 13003254, do 08/04/2013 para o acceso en propiedade a unha praza de arquiviro, pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre, en tanto non se produza a resolución do recurso contencioso-administrativo nº 135/2013 interposto por dona Mª Jesús Saavedra Carballido, contra o Decreto nº 13003254, do 8 de abril de 2013.

Esta Alcaldía, en uso das atribucións conferidas polos artigos 124 e 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como en virtude do acordo nº 16/388 da Xunta de Goberno Local, do 29 de maio de 2013, e do decreto número 13008312, do 30 de agosto de 2013, modificado polos decretos números 14003100, 14004468 e 15000652, de datas do 31 de marzo de 2014, 12 de maio de 2014 e do 2 de febreiro de 2015, respectivamente, **RESOLVE:**

Primeiro.- Levantar a suspensión disposta polo Decreto 14000117 de 9/01/2014 no proceso selectivo convocado por este Concello polo Decreto da Alcaldía 13003254, do 8/04/2013 para o acceso en propiedade a unha praza de Arquiviro/a, pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre, continuando con dito proceso.

Segundo.- Dease traslado do disposto ó Boletín Oficial da Provincia de Lugo e Taboeiro de Anuncios municipal, con indicación de que esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da súa notificación, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo ou, á elección do interesado, ante o da circunscrición onde teña o seu domicilio. Malia o anterior, e con carácter previo e potestativo, poderá interpoñer recurso de reposición, no prazo de UN MES, contado dende o seguinte á notificación da presente resolución, sen prexuízo de que vostede interpoña calquer outro recurso que estime procedente en Dereito.

Cúmprase.